




VALDOVIÑO

As Saiñas-Praia de Baleo

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018




Distancia: 13 km (lineal)

Dificultade: baixa



Un traxecto lineal duns 13 km, incluídos os desvíos, para percorrer un tramo da costa que acolle amplas e fermosas praias e saíntes rochosos espectaculares e dunha grande beleza. Recoméndase facelo coa marea baixa para poder camiñar polos areais. A costa de Valdoviño está incluída no LIC/ZEC “Costa Ártabra”.



Punta Torrella



Praia de Baleo

PERCORRIDO:

Comezamos a camiñada na **praia de Baleo** e despois de percorrela subimos á estrada, a uns escasos 300 m atopamos un desvío á dereita, camiñando por el uns 200 m chegamos a unha curva á esquerda, pero nós seguimos de fronte polo camiño que se adentra na **punta Torrella**, un camiño de 1 km de lonxitude que nos conduce á beira do cantil, ao pé do punto máis espectacular, logo para achegarse a outros lugares hai que facelo por carreiros, as máis das veces estreitos e pouco transitados, entre breixos e toxos de pouca altura. Un percorrido pouco aconsellable con vento porque non teñen ningún tipo de protección e as alturas son considerables, máis de 50 m. De volta temos unhas boas panorámicas da **praia de Pantín** e pasando ao pé do castro, do que só se aprecia o terraplén defensivo, para desde el baixar á **praia de Porto Carrizo**, pasar dela á **praia do Rodo, ou de Pantín**, percorrela a todo o longo e saír pola outra punta cruzando o **Ríomaior**, o rego polo que desauga a lagoa case colmatada que ocupa a trasduna. Logo pola estrada subimos á **Punta Corveira** para facer un curto percorrido pola beira do cantil. De volta na estrada, que agora seguiremos nun longo tramo no que non hai camiños para achegarse á beira do mar, aínda que podemos gozar dunha boa imaxe da **punta dos Prados** e da fiestra que adorna o illote no que remata, percorremos uns 4 km ata chegar ao **miradoiro do Paraño** preto xa das primeiras casas e onde comeza a última parte do traxecto, coa baixada ás praias. No remate do primeiro tramo de baixada da estrada atópase un carreiro pouco transitado que nos permite achegarnos á liña de costa e logo, por outros semellantes, seguila ata a **Saiña** onde damos por rematada a andaina.



Praia de Porto Carrizo



Surfistas en Pantín, na celebración do Campeonato do Mundo de 2018.



Punta Torrella



Punta Torrella: O Furado Vello.
Nesta zona pódense ver rochas moi antigas (anfíbolitas) e lousas verdes separadas por unha falla.



Punta da Gabeira



Desembocadura do Ríomaior na praia de Pantín



Praia do Rodo (Pantín). Detrás das duna atópase unha lagoa litoral moi colmatada polos sedimentos



Illotes de Marnela e Punta Corveira



Punta Corveira



Punta dos Prados



Punta Felpiura desde o miradoiro do Paraño



Punta Faluchos